

## **Cando o silencio dorme**

Despois do caos ben o inferno. É o que pensaron as ánimas cando o lume chegou ó cruce de camiños da Prada. Á veira do cruceiro que sinala o lugar exacto onde se xuntan. Destruíndo todo ó seu paso, sen contemplacións devoraba no monte coma unha fera famenta. Ás doce da noite exactamente chegou o desconcerto á encrucillada. O fogo escorregou ata elas. O crepitar do lume fíxoas saír do Purgatorio para lembrar os sufraxios prometidos. A culpa téñena ruído enxordecedor das chamas e a pestilente atmosfera a xofre, que as fixeron espertar entre saloucos. E elas queixáronse ó verse pisadas. Saíron en procesión, e non hai responso que as faga marchar de volta ó Purgatorio. Reclaman o que lles corresponde. Buscan desesperadamente un vivo para que dirixa a procesión coa cruz e o caldeiro da auga bendita. O que baixo ningún pretexto pode volver a cabeza. O desgraciado que só pode librarse da funesta encomenda atopando a outra persoa e entregándolle a cruz e o caldeiro antes de que faga un círculo na terra, cun pau de oliva bendito co que queda libre de dirixir a compañía. E vaia se o atoparon. Había de sobra.

Non daban feito en atinar co veciño vindeiro que se fixese cargo da comitiva, predicando de se xeito a súa morte eminente. Estaban todos. Non faltaba ningún alá arriba no monte do seu Cualedro da alma. Non moi lonxe dos seus fogares facéndolle fronte ó lume para que non se arrimara demasiado. Con xestas. Subindo cisternas e caldeiros ós tractores para lanzar a pouca auga que lles quedaba logo da seca do verán. Todo vale para evitar a desfeita que semella resultar inevitable. Pero non hai moita cousa para poder frear a barbarie.

- Isto si que é o inferno -, pensou a María, a máis vella de tódolos que se xuntaron no monte para apagar o lume. Xa non lle quedaban folgos para seguir pegando breados ó

maldito lume.

- Un completo inferno e aquí non hai medios apagando no lume. Estamos só catro pobres do pobo intentando defender as nosas casas cunhas xestas, manda carafio -. Ela, a señora María, non viña sendo máis ca seguinte para presidir a comitiva. Os seus berros desesperados abrandaron ás ánimas. Eses laios pavorosos que lle abren o peito a calquera. As ánimas por moito que sexan defuntos tamén lles bateu o corazón.

As mesmas, vendo como a terra se fendía de dor, comezaron a axudar cos seus choros. As súas bágoas tentaban facer regatos para enfrontarse ó inferno do lume. As ánimas choraban pola María, e por todos os paisanos que alí estaban traballando coma tolos, loitando polo que tanta suor lles custou, polo seu. Os carballos, os bidueiros, castiñeiros e piñeiros. Os salgueiros, eucaliptos e ameneiros. As granxas cos porcos da matanza. Os galos do nadal no curral. Os chourizos e as androias nas bugalleiras para inverno. As cántigas dos paxariños nas mañanciñas orballadas, e os ouveos do zorro nas noites estreladas. Todo quedou alí. No medio do inferno. Convertido en cinza. Todo quedou en nada.

Manuel, o neto de María persígnase, murmúrea un rezo e apresura a marcha coa súa xesta na man. A única arma que posúe nunha noite ateigada de fantasmas. Cheo de medo. Cos ollos fixos nas carballeiras ardidas. Que son? Os espectros das ánimas que van desfilando? As almas en pena? E apagarase todo co primeiro reflexo da alborada?. Serán as luces da Santa Compañía?. E logo, é tanta a nosa débeda coas ánimas que veñen cobrar o seu?. Pobre, un raparigo na flor da vida, e xa empeza dese xeito. Que lle quedará cando teña as mans curtidas coma as da súa avoa. As ánimas tamén choran por el. Malpocado.

As campás movidas pola anguria, non dan feito chamando á incendio. ¿Ou será o toque a

defunto? Redobran o seu lamento. Polos mortos, polas ánimas benditas. Por todo o que queda asolagado. O seu son, rompendo a calma da noite, pide misericordia polas vidas envoltas no fume, coma se fosen negras manchas na espesura da noite. Saben que o están dando todo, e únense á súa amargura.

Mais é verdade que lle facemos culto ó lume. É algo de noso. Quen ven máis alá do pobo celta. Disque é herdado xa da época dos fenicios. Ritos de Semana Santa que chegan ata hoxe. Cada mañá de Sábado Santo bendícese o lume fóra da igrexa, no adro. Despois de bendicilo, levámolo para a casa agarimosamente, en forma de vela prendida, ou en brasa conservada nun mañuzo de palla para limpar o lar. Prendemos ese lume no toxo ou nos paus de leña miúda para facer lume novo. É o lume da boa sorte.

¿É tanto o amor que lle temos ó lume? Non, claro que non.

Ademais non é época de penitencia. Non coincide, malia que ben podería ser. Un esquecemento. O que se encarga de levalo ó monte nun facho con moito tino e coida del para que non se apague durante toda a noite, e que se veñan quentar as ánimas no cepo que deixa ardendo. Que se quedase durmido e as ánimas lle fixesen a xogada. Pero non, isto é peor ca unha mala xogada. As ánimas non producen calamidades. Como moito ó vir tan cheas de frío do outro mundo, un chisco de lume cando están entre nós, para quentarse, pero non esa calamidade.

O monte alumea e non son os feixes acesos para espantar os malos agoiros. E María sábeo. Somos moi respectuosos cos nosos mortos e non facemos falcatruadas. As ánimas quéntanse no día de defuntos e non na noite de San Lourenzo. As bágoas do santo son bolas de fogo ó pé de cada carballo.

María aínda que decidida a rematar co mal, non ve nada coa enchente de fume e tira de xeito automático coa xesta da man. A xesta xa ardera había un bo anaco, e o lume

chegara dende o dedo meimiño ata o furabolos. Esa dor xa non a sentía. O que percibiu foi unha punzada xusto ó lado do corazón. Unha comechón que nunca sentira ata ese intre. Nun segundo esqueceuse onde estaba. Botou as dúas mans ó peito. Aguantou a respiración, temerosa de berrar, de oír a súa propia voz. Que sen ningunha dúbida non sería quen de articular o auxilio que lle cumpría. Delatando dese xeito a profundidade da súa dor.

Do peito de María xurdiu un berro de angustia, agromou dos seus beizos e espallouse con estrépito por todo o val. O monte calou. Retumbou nas árbores moribundas e fixo eco ata o oído do neto.

- ¡¡¡Non, avoa non¡¡

Todo foi silencio. As ánimas non daban creto. Non chamaran por ela. Nin sequera levaba o hábito sagrado que lle tiñan que cortar antes para non entrar no inferno. E total para qué. Máis infernal ca aquela noite non había de ser debaixo da terra.

Cando por fin un gramo de osíxeno lle chegou a boca, só acadou a dicir a derradeira palabra da súa vida.

¡Merda¡